

TEMA 10. A poesía de fins do s. XX e comezos do XXI. Temas e autores dos 80 e dos 90. Poetas e tendencias actuais máis relevantes.

CONTEXTO HISTÓRICO.

Coa chegada da democracia, o panorama social e cultural muda radicalmente. Remata a persecución dos usos públicos do galego, que é recoñecido idioma oficial na nosa comunidade pola Constitución de 1978, e iníciase unha progresiva normalización da lingua. Remata o longo proceso de estandarización do galego, coa publicación dunha normativa oficial en 1982, que será referencia para a maior parte das publicacións escritas.

Por outro lado, regularízase o ensino de lingua e literatura galegas no ensino non universitario. Isto supón unha grande revitalización do sector editorial en lingua galega, tanto na publicación de libros de texto como de libros de lectura literaria. Ao mesmo tempo, provoca a aparición dunha sorte de subxénero narrativo de temática e expresión especialmente adaptadas aos gustos adolescentes.

Créanse novas editoriais e dispárase o número de vendas do libro en galego. A colaboración institucional, con importantes subvencións á cultura galega, consolida tamén outros sectores, como o teatro profesional ou o sector audiovisual.

No campo da poesía, *Con pólvora e magnolias* (1976), de Ferrín, xunto con *Mesteres* (1976) de Arcadio López Casanova foron os libros que marcaron ese cambio. *Con pólvora e magnolias*, Ferrín rompe co socialrealismo e abre temas novos e variados: intimismo existencial, metafísica, mitoloxía cultural, político social, redescobre a linguaxe, e aparece un novo estilo máis culturalista.

ANOS 70. OS NOVÍSIMOS.

O grupo de poetas denominado os *Novísimos* (D. Xoán Cabana, Lois Diéguez...) continúan cultivando unha poesía de denuncia e reivindicativa. Abordan cuestións como a loita pola lingua, a opresión nacional e o desexo de liberdade individual e colectiva. É moi importante o maxisterio que sobre eles exercen figuras como Celso Emilio Ferreiro ou Manuel María; este último inclúe a obra destes autores nunha antoloxía publicada *Os novísimos da poesía galega*, que dá nome ao grupo.

Os principais poetas desta promoción son os seguintes:

Darío Xohán Cabana, *Amor e tempo liso*.

Lois Diéguez, *Canciós pro un agromar blanco i azul*.

Margarita Ledo, *Parolar cun eu, cun intre, cun paxaro*.

Alfredo Conde, *Mencer de lúas*.

-Helena Villar Janeiro e Xesús Rábade Paredes, coautores de *O sangue na paisaxe* e doutros volumes por separado.

ANOS 80.

Os primeiros intentos renovadores (1976-78) virán da man de varios colectivos poéticos de curta duración: **Rompente** (entre os seus membros Antón Reixa e Manuel Romón), **Alén**, **Ronseltz** (*Unicornio de cenoiras que cabalgas os sábados*) e **Cravo Fondo**. A partir de 1980 consolídase a renovación coas características antes citadas pero non compartidas por todos, non hai unha escola, son diferentes escollas estéticas e voces singulares.

Tendencias da poesía dos 80.

O culturalismo: nos anos 80 abandónase a estética socialrealista. Un grupo de autores inicia unha poesía denominada culturalista, que manifesta unha gran preocupación formal, un gusto por unha linguaxe culta e un gran coidado na elaboración poética. Volven a empregar, en parte, os metros clásicos, como o soneto ou os versos rimados e de regularidade métrica. En canto á temática, cobra especial importancia o intimismo, a reflexión metaliteraria, os asuntos sociais (cunha visión actualizada) e o culturalismo. É moi significativo neste grupo de autores a presenza de abundantes referencias culturais, como a intertextualidade. Nas súas composicións toman elementos doutras literaturas (portuguesa, española, hispanoamericana, universal...), desde os clásicos grecolatinos até a época contemporánea. Tamén botan man doutras disciplinas como a mitoloxía, a filosofía, a música, as artes plásticas ou os medios de comunicación. Algúns autores deste grupo son **Xosé María Álvarez Cáccamo**, **Manuel Forcadela**, **Ramiro Fonte** e **Miguel Anxo Fernán Vello**. **Álvarez Cáccamo** (Praia das furnas) explora preferentemente o territorio das propias vivencias e a memoria familiar desde a evocación en ton elexíaco ou desde o compromiso reivindicativo. **Manuel Forcadela** (Ferida acústica de río) presenta unha poesía dominada pola expresión culta e a intertextualidade. **Ramiro Fonte** (Designium) reflexiona no seu discurso lírico sobre o paso do tempo e a nostalxia e evoca os espazos íntimos con abundancia de símbolos. **Fernán Vello** (Do desexo en corpo e sombra) é autor dunha obra dominada polo amor, o erotismo, a soidade e a paisaxe.

A poesía da cotián: como unha reacción ao ás veces excesivo rigor formal da liña culturalista, aparece esta corrente que reivindica unha expresión natural (en ocasións mesmo coloquial) que toma como temática preferida a expresión da realidade máis próxima, da vida do día a día. Os autores desta tendencia reflicten tamén desde o intimismo aspectos biográficos, aínda que sen abandonar totalmente unha certa reflexión social. Os autores máis importantes son **Pilar Pallarés** (Entre lusco e fusco), **Lois Pereiro** (Poesía última de amor e enfermidade) e, sobre todo, **Manuel Rivas**. Este autor, un dos poetas máis relevantes das últimas décadas (a par de excelente narrador) caracterízase por un discurso sinxelo e unha linguaxe directa, aínda que ás veces dotada dunha certa carga simbólica. Algunhas das súas obras principais son Libro do entroido, Balada nas praias do oeste e Costa da Morte blues.

A poesía experimental: unha reacción máis radical fronte ao culturalismo foi a levada a cabo por autores e colectivos que, recuperando en certa maneira o espírito irreverente das vangardas, realizan unha poesía rupturista e experimental. Mostran unha vocación transgresora na recreación da realidade máis próxima, que se converte no centro da súa poesía. A súa obra emprega os recursos da poesía visual, incluíndo debuxos, fotos e outros elementos visuais, formando collages, caligramas ou xogando coa disposición tipográfica. Os autores desta corrente tamén experimentan con experiencias multidisciplinares relacionadas coa música, o vídeo e as artes plásticas. Algúns dos autores máis representativos son **Xavier Seoane** (Poesía visual) ou os membros do colectivo Rompente (Silabario da turbina, libro colectivo): **Antón Reixa** (Historia do rock and roll), **Alberto Avendaño** (Facer pulgarcitos tres) e **Manuel María Romón** (Galletas kokoschka non).

-ANOS 90.

Hai unha reacción contra o excesivo rigor formal da maioría dos/das autores/as da década dos 80, cara a unha expresión poética máis natural e máis baseada na realidade cotiá (**Olga Novo, Chus Pato, Rafa Villar...**)

Prodúcese unha eclosión de novos escritores, os propiamente chamados poetas dos 90 que, sen formar unha "escola" dinamizan o panorama poético dun xeito activo e plural: publican libros individuais e colectivos, gañan diversos premios, comparten recitais e presentacións, desenvolven numerosas iniciativas poéticas como o "Batallón da Costa da Morte", alentan plataformas editoriais como "Edicións do Dragón" ou "Letras da Cal". Son, entre outros/as moitísimos/as: **Estevo Crus, Eduardo**

Estévez, Sechu Sende, Francisco Souto, Rafa e Miro Villar, Yolanda Castaño, Marta Dacosta, Lupe Gómez, Olga Novo, María Lado...

A revista *Festa da palabra silenciada*, foi un punto de encontro para as poetas galegas que conforman un grupo moi nutrido neste momento e se caracterizan por trasladar aos seus poemas o imaxinario feminino e a deconstrución e relectura dos mitos e metáforas tradicionais da cultura androcéntrica.

Estas poden ser algunhas das características desta "xeración dos 90": anovado tratamento de temas eternos, uso esmerado da linguaxe, predominio do ton vivencial e da expresión apaixonada, versolibrismo, afán de desbarroquización formal e conceptual, procura dun lector emocionable e sensible e tratamento novidoso de temas de tipo social como a insubmisión, a antiglobalización, o ecoloxismo...

O carácter individualista de cada poeta impídenos falar de tendencias. Unha posibilidade sería agrupar os poetas desta década tendo en conta a postura con respecto á linguaxe, de xeito que se distinguen tres grupos de poetas:

a. o discurso natural: mergúllanse no discurso cotiá e botan man de recursos conversacionais. A súa poesía é intelixible e emotiva, a linguaxe empregada é directa, coa finalidade de atraer o lector e implicaloo no poema. Neste grupo podemos incluír escritores **como Ana Romani, Fran Alonso e Rafa Villar.**

b. o discurso libertario: a linguaxe é un instrumento de poder, de dominio que actúa como unha forza emancipadora e unha nova forma de resistencia. Neste grupo hai que incluír a **M^a Xosé Queizán, Lupe Gómez, Yolanda Castaño e o colectivo Ronseltz.**

c. o discurso hermético: fan poemas dificilmente intelixibles debido ao seu extremado cultismo, ao carácter denso e autorreflexivo, á ausencia de orde lóxica das secuencias, ao desvío da norma e á polisemia. É posible incluír aquí a **Xabier Cordal, Chus Pato, Anxos Romero, María do Cebreiro e Manuel Outeiriño.**

A poesía na década dos 2000

A poesía escrita no novo tempo non amosa de momento rupturas importantes coa etapa anterior. A aparición de novas voces e poéticas orixinais apuntan á heteroxeneidade e á vitalidade (**Antía Otero, Mario Regueira, Xiana Arias, Berta Dávila...**)

Estes/as autores/as exploraron tamén camiños alternativos para a difusión da súa obra e atoparon nas novas tecnoloxías un medio axeitado aos tempos. Moitos deles botan man de blogs e páxinas persoais sen renunciar a publicar en formatos tradicionais o cal provoca debates sobre cara onde abrir os novos horizontes.

Polo tanto, hai moitos poetas de grande calidade que chegaron á poesía por medio de concursos, premios ou incluso páxinas WEB dedicadas a promocionar este xénero. Esta nova xeración de poetas non renega da tradición literaria anterior, pero presenta unha grande liberdade creativa e é capaz de mirar cara a diante máis alá da tradición.

Algún dos autores máis novos de Galicia son: **Afra Torrado**, *No seu desprezar*; **Antía Otero**, *De porta un horizonte*; **Antón Blanco**, *A oseira*; **Eli Ríos**, *Ningunha tortilla é mala* fronte a estes están os da xeración dos 90 (**María do Cebreiro**, **Olga Novo**) que seguen a publicar hoxe. A partir do 2000 ata hoxe a poesía colle outros camiños e comeza a saír ao espazo público como espectáculo; *O son delas*, musical poético plástico contra a violencia de xénero, o recital de poesía **Aldaolado** e actos colectivos relacionados co desastre do Prestige e temas da actualidade como poden ser as preocupacións da poboación galega.